



CIRCULAR 62 – 2020

XIV CAMPIONATO DE GALICIA SUB14 E XIX CAMPIONATO DE GALICIA SUB16 EN PISTA AO AIRE LIBRE.

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1) O día 10 de outubro celébrase o XIX Campionato de Galicia Sub 16, e o día 11 en horario de mañá o XIV Campionato de Galicia Sub 14, nas pistas de atletismo do CGTD en Pontevedra.

*As probas de marcha en pista das categorías Sub 14 e Sub 16, celebraranse todas o sábado 10 pola mañá.

Art.2) Poderán participar todos aqueles atletas que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2020) por algún club de Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a clubs doutras Comunidades Autónomas.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 6 de outubro do 2020.**

Aceptaranse as marcas realizadas dende o 1 de abril de 2019, e as marcas realizadas en probas similares tanto na pista cuberta coma no aire libre (50 mv, 60 mv, 80 mv, 100 mv, 220mv, 300 mv, 500, 1000obs ...), o comité técnico utilizará as táboas WA de puntuación para comparar as marcas feitas en distintas probas e así decidir a que atletas admitir. Teranse en conta só as marcas indicadas no momento da inscrición, tamén poderá ser utilizado o campo do dorsal.

Art.4) Os/As tres primeiros/as atletas clasificados/as que reúnan os requisitos esixidos recibirán unha medalla do campionato (ver normas técnicas).

Art.5) Ó longo do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que, clasificándose nas eliminatorias ou series, non participe na seguinte rolda ou ben téndose confirmado a súa inscrición, non participe sen dar unha razón válida a dirección técnica da FGA.

Art.6) Se nalgunha das probas nas que está previsto realizar series clasificatorias, non se presentaran a confirmar o número mínimo preciso para a súa realización, adiantarase a final disputándose esta no horario das semifinais.



Art.7) En todas as carreiras, a confección de series realizarase en función dos rexistros de inscrición que posúan os atletas. O sistema de clasificación para as seguintes roldas no caso de que as houberse, será só por tempos.

Nas probas de concursos faranse 4 intentos por atleta.

Art.8) Limitación de probas:

Só poderán inscribirse nun máximo de dúas probas. No caso de participaren en dúas carreiras só poderá realizarse unha de máis de 200 m.

Os/as atletas de probas combinadas só poderán competir nesta especialidade. A FGA dará un pazo de 24h desde a publicación de listados de admitidos para que os/as atletas que se inscribiran en máis probas das regulamentarias corrixirán esta situación.

Art.9) Táboas de participación:

Proba	Participantes
80	24
100	24
150	16
300	16
500	16
600	16
1000	16
3000	8
80 mv	16
100 mv	16
220 mv	16
300 mv	16
1000 obs	8
1500 obs	8
Combinadas	8
Concursos	10
Marcha	8

Art. 10) Horario provisional. O horario final publicárase unha vez coñecidas as inscricións definitivas).

*As probas de marcha en pista das categorías Sub 14 e Sub 16, celebraranse todas o sábado 10 pola mañá.



HORARIO PROVISIONAL DO CAMPIONATO DE GALICIA SUB 16 - XORNADA DE MAÑÁ (10/10/2020)

HORA	CARREIRAS	LONX/TRIPLO	ALTURA	PÉRTEGA	LANZ. LONGOS	PESO
9:40	5km Homes Sub 16					
10:00					Martelo Mulleres	
10:16	3km Mulleres Sub 16					
10:20						
10:32	3km Mulleres Sub 14					
10:56	3km Homes Sub 14					
11:20			Altura Mulleres		Martelo Homes	
11:28	300 mv Homes					
11:36						Peso Mulleres
11:44		Triplo Mulleres				
11:52	300 mv Mulleres					
12:16	100 ml Homes Oct.					
12:24	100 ml Homes Semif.					
12:40			Altura Homes		Disco Homes	
12:48	100 ml Mulleres Semif.					
12:56		Triplo Homes				Peso Oct. Homes
13:12	600 Homes					
13:36	600 Mulleres					
13:52					Disco Mulleres	
14:00	1000 Homes					
14:24	1000 Mulleres					

HORARIO PROVISIONAL DO CAMPIONATO DE GALICIA SUB 16 - XORNADA DE TARDE (10/10/2020)

16:30	100 mv Mulleres Hexa.	Lonxitude Mulleres		Pértega Homes	Xavelina Mulleres	
16:38	100 mv Mulleres Semif.		Altura Homes Oct.			
16:46						Peso Homes
17:03	100 mv Homes Semif.					
17:27	300 Homes					
17:51	300 Mulleres		Altura mulleres Hexa.			
17:59					Xavelina Homes	
18:15	3000 Homes					
18:47	3000 Mulleres					
19:03		Lonxitude Homes		Pértega Mulleres		
19:20	1500 obs Homes					
19:36	1500 obs Mulleres				Disco Oct. Homes	
19:44						Peso Mulleres Hexa.
19:52	100 mv Homes Final					
20:00	100 mv Mulleres F.					
20:08	100 ml Homes F.					
20:16	100 ml Mulleres F.					



HORARIO PROVISIONAL DO CAMPIONATO DE GALICIA SUB 14 - XORNADA DE MAÑÁ (11/10/2020)

HORA	CARREIRAS	LONX/TRIPLO	ALTURA	PÉRTEGA	LANZ. LONGOS	PESO
9:45	100 mv Oct Homes	Lonxitude Hexa. Mulleres		Pértega Mulleres	Martelo Homes	
10:01	80 mv Homes		Altura Homes			
10:17	80 mv Mulleres					
10:33		Lonx. Homes				
10:41	80 ml Homes					
10:49					Martelo Mulleres	
10:57					Xavelina Hexa. Mulleres	
11:05	80 ml Mulleres					
11:21				Pértega Oct. Homes		
11:29	1000 Homes					
11:45	1000 Mulleres	Lonx. Mulleres	Altura Mulleres		Xavelina Homes	
11:53					Disco Homes	
12:01	500 Homes					
12:17	500 Mulleres					
12:33	150 Homes					
12:49		Triplo Mulleres		Pértega Homes	Xavelina Mulleres	
12:57	150 Mulleres					
13:05						Peso Homes
13:13	600 Hexa. Mulleres					
13:21	3000 Homes				Disco Mulleres	
13:37	3000 Mulleres					
13:53	1000 obs Homes	Triplo Homes			Xavelina Oct. Homes	
14:09	1000 obs Mulleres					Peso Mulleres
14:25	220 mv Homes					
14:41	220 mv Mulleres					
14:49	1000 Oct. Homes					

SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN EN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras: 10min antes da hora oficial da proba

Carreiras valos: 15min antes da hora oficial da proba

Concursos (agás pértega): 25min antes da hora oficial da proba

Pértega: 35min antes da hora oficial da proba

* Entrada en cámara de chamadas, cinco minutos antes da saída oficial á pista.

* Os/As atletas terán a obrigaón de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír coa camiseta na man ou gardada.

Art.11) A distancia das táboas e as cadencias das alturas publicaranse xunto coa lista de admitidos definitiva.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.12) Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada a folia de Declaración Responsable.

Art.13) O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa na páxina web de atletismo.gal, para os/as adestradores/as e delegados/responsables dos clubs participantes, una vez sexa publicada a relación definitiva de atletas admitidos.

Art.14) Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.15) Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 1 euro. Nestes casos, e pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente.


Art.16) A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, agás os/as que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:, aprobadas pola Asemblea Xeral da FGA.

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa finalmente no
- Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa
- xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6€ por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3€. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba onde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada. Estas inscricións, deberán facerse na intranet: <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata o xoves 8 ás 10:00 da mañá.

Art.17) Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.18) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 3 de outubro de 2020



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral Federación Galega de Atletismo

Secretario Xeral Federación Galega de Atletismo